

## Prego de Cláusulas Administrativas

Procedemento: Aberto, varios criterios de adxudicación

Asunto: Autorización de Licenza de Taxi (*Procedemento Coordinado para o Outorgamento de Licenza de Taxi e Autorización Interurbana de Taxi*)

Documento asinado por: A Alcaldesa

## PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

### **CLAÚSULA PRIMEIRA. Obxecto do Contrato**

Constitúe o obxecto do presente prego a adxudicación en réxime de concorrencia de UNHA licenza de taxi para o Municipio de Meis, de conformidade coa Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, Decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, Lei 16/1987, de 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres, o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres aprobado por Real Decreto 1211/1990 de 28 de setembro, e o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transporte en Automóviles Lixeiros aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, e demais normativa aplicable.

Emitido informe favorable do Servizo de mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en relación co outorgamento dunha nova autorización interurbana de taxi, no Concello de Meis.

A Parada de taxi estará ubicada en A Armenteira, na localización que sinale o Concello.

### **CLAÚSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación**

*De acordo co art. 15.da Lei 4/2013, sobre Vinculación de licencias de taxi y de autorizaciones interurbanas de taxi y procedimientos coordinados, dispón no apartado 1:* “Existirá unha vinculación entre licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi, sendo preciso dispoñer de ambos títulos para a realización da actividade”.

O apartado 4 do dito art 15 establece: “A vinculación entre licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi exisirá a aplicación de procedementos coordinados entre as dúas administracións competentes...”

Dispón o art. 16.4 da Lei 4/2013 que:



Con carácter previo á resolución do concurso, terá que remitirse ao órgano competente en materia de transportes da Dirección Xeral da Xunta de Galicia, a documentación das persoas seleccionadas, a fin de que no prazo máximo de tres meses emita informe de modo vinculante sobre o cumprimento dos requisitos para poder ser titular de autorizacións interurbanas de taxi. Una vez emitido dicho informe, o Concello, de modo congruente co disposto no mesmo, resolverá o concurso, adxudicando a correspondente licenza de taxi, que inscribirá no Rexistro de Títulos Habilitantes.

Según o art. 16.5 da Lei 4/2013:" Despois do anterior, a Xunta de Galicia outorgará de maneira automática a autorización interurbana de taxi. A efectos de unificar o principio de vixencia de ambos títulos, a licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia á data de outorgamento da autorización interurbana de taxi.

A forma de adxudicación das licenzas de taxi será o procedemento aberto, no que todo interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación, de acordo co artigo 156.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

### CLÁUSULA TERCEIRA. Condicións de Participación

Conforme ao artigo art 9 da Lei 4/2013: Non se pode ser titular de máis de una licenza de taxi no Concello, e tampouco se pode ser titular de licencias de taxi en distintos Concellos

Só poderán ser titulares de licencias de taxi as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos seguintes requisitos (Art 5 Lei 4/2013):

- Ser maior de 18 anos e ter nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea ou doutro país extranxeiro no que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais suscritos por España, non sexa esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos extranxeros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.
- Acreditar a titularidade de vehículo de turismo en calquera réxime de utilización xurídicamente válido, ou o compromiso de adquisición do vehículo.
- Xustificar o cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social establecidas pola lexislación vixente.
- Acreditar o cumprimento dos requerimentos técnicos do vehículo de turismo que utilicen para a realización do transporte que sexan esixibles pola normativa vixente.



- Estar en posesión do permiso de conducir clase B e dispoñer, no seu caso, de capacitación profesional para prestar servizos de taxi.
- Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que poideran ocasionarse na prestación do servizo, según o disposto na normativa vixente.

## CLÁUSULA CUARTA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa

### 4.1 Condicións previas

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición

As determinacións das proposicións que estean en contradición, sexan incompatibles ou se opoñan ao presente prego, se terán por non postas, sen prexuzio do que proceda, respecto á admisibilidade das mesmas.

Os interesados deberán estar en condicións de presentar os documentos acreditativos que se esixan na convocatoria no momento da presentación da oferta.

### 4.2 Lugar e prazo de presentación de ofertas

#### *Presentación Manual*

Para a presente licitación, non se esixe a presentación de ofertas utilizando medios electrónicos debido a que a utilización de medios electrónicos require medios e equipos ofimáticos especializados dos que non dispón o órgano de contratación. Con arranxo ao establecido no punto terceiro da Disposición Adicional Décimo quinta da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, resulta acreditada a xustificación da non utilización de medios electrónicos.

As ofertas presentaranse no rexistro do Concello de Meis con domicilio en Avda. Cambados, 67, Mosteiro-Meis horario de 9,00h a 14,00h, dentro do prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no BOP e no perfil de contratante ([WWW.meis.gal](http://WWW.meis.gal))

#### **Presentación por correo:**

Cando a documentación se envíe por correo o empresario deberá xustificar hora de imposición do envío e anunciar mediante correo electrónico ([secretaria@meis.gal](mailto:secretaria@meis.gal)) o mediante télex o fax (986715300) ou telegrama, sempre antes da terminación do prazo sinalado no anuncio.



Sen o cumprimento deste trámite, a documentación non será admitida si é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de finalización do prazo.

En caso de haber anunciado o envío ao órgano de contratación nos términos indicados, e transcurridos dez días dende a data de finalización do prazo para a presentación de proposicións, ésta non tivera entrada no Rexistro xeral do Concello, non será admitida.

Si o último día de presentación de proposicións coincidiera en sábado, domingo ou festivo, prorrogarase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte a éste.

As proposicións presentadas fora de prazo non serán admitidas baixo ningún concepto.

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rixen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sin salvedade ou reserva algunha, así como a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos-

### 4.3 Contido das proposicións

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en TRES SOBRES PECHADOS (A, B e C).

A denominación de cada sobre é a seguinte:

PROPOSICIÓN PARA LICITAR Á AUTORIZACIÓN DUNHA LICENZA DE TAXI NO CONCELLO DE MEIS (*PROCEDIMENTO COORDINADO PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZA DE TAXI E AUTORIZACIÓN INTERURBANA DE TAXI*)

Os documentos a incluír no sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos:

#### **SOBRE “A”: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA,**

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Esta declaración responsable presentarase conforme ao modelo incluído no ANEXO I do presente prego.

#### **SOBRE “B”: DOCUMENTACIÓN PONDERABLE A TRAVÉS DE XUÍZOS DE VALOR**



Incluirá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor.

Esta documentación presentarse segundo o modelo incluído no ANEXO II do presente prego.

### **SOBRE «C»: PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA.**

Incluirá aqueles documentos relativos aos criterios de valoración, que se deban cuantificar de forma automática.

Esta documentación presentarse segundo o modelo incluído no ANEXO III do presente prego.

#### **CLÁUSULA QUINTA. Publicidade**

Terminado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a lista no Perfil de contratante ([www.meis.gal](http://www.meis.gal)), ao obxecto de que os interesados e as Asociacións profesionais de empresarios e traballadores poidan alegar o que estimen oportuno en defensa dos seus dereitos no prazo de quince días (artigo 10 do Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo).

#### **CLÁUSULA SEXTA. Pago da Taxa**

O importe da taxa prevista na ordenanza fiscal municipal, deberá ingresarse na Tesouraría municipal no prazo de un mes, a contar desde a notificación de devandita adxudicación.

#### **CLÁUSULA SÉTIMA. Garantías**

Non se esixe fianza provisional.

Non se esixe fianza definitiva.

#### **CLÁUSULA OITAVA. Criterios de Adxudicación**

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta, atenderase a varios criterios de adxudicación.

### **CRITERIOS CUXA PONDERACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR:20 PUNTOS**

1 - Características do vehículo de turismo que se adscriba á praza: (marca, modelo, características ambientais do vehículo, características vinculadas á satisfacción de esixencias sociais, comodidades do vehículo, nº de prazas, prestacións, e outras melloras adicionais): Ata 15 puntos.



2 - Memoria descriptiva da forma de desenvolver o servizo no Concello: Ata 5 puntos.

### **CRITERIOS CUANTIFICABLES AUTOMÁTICAMENTE, PUNTUARANSE EN ORDE DECRECENTE: 70 PUNTOS.**

- 1.- Antigüidade como conductor/a de taxi: 3 puntos por ano ata un máximo de 30 puntos.
- 2.- Vehículo de turismo (que se adscriba á licenza de taxi) adaptado para ao transporte de persoas con mobilidade reducida durante o tempo mínimo de 10 anos: 20 puntos.
- 3 -Vehículo (á que se adscriba a licenza de taxi) eléctrico ou híbrido: 20 puntos.
- 4.-Previa adicación á profesión de taxista: 1 punto por ano ata un máximo 10 puntos

#### **CLÁUSULA NOVENA. Gastos**

O adxudicatario queda obrigado ao pago dos anuncios e Impostos que procedan.

#### **CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de Contratación**

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, desenvolvendo as funcións que nestes establécense.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función



de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- Presidente: A alcaldesa do Concello de Meis ou quen a substitúa.
- Vocais: Un funcionario do Concello desinado pola alcaldía.
  - O arquitecto municipal. ou persoal que o substitúa.
  - A Secretaria do Concello ou persoal que a substituya.
  - A interventora do Concello ou persoal que a substitúa.
- Secretario: Secretaria do Concello ou personal que a substitúa.

### **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Apertura de Proposicións**

A Mesa de Contratación constituirase tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, e procederá á apertura dos Sobres «A» con obxecto de cualificar a documentación administrativa contida nos mesmos.

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada.

A Mesa de contratación ou o órgano de contratación, poderá en calquera momento solicitar a entrega da documentación xustificativa dos datos a que se refire a declaración.

Posteriormente, procederá á apertura e exame dos sobres «B», que conteñen os criterios cuxa ponderación dependen dun xuízo de valor.

Tras a lectura de devanditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas con arranxo aos criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.

Reunida de novo a Mesa de Contratación en acto público, darase a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor. A continuación procederase á apertura dos sobres «C».

Á vista da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (Sobre «B») e dos criterios cuxa ponderación é automática (Sobre «C»), a Mesa de Contratación proporá ao adxudicatario do contrato .

### **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Remisión da proposición da persoa solicitante da licenza proposta, á Dirección Xeral de Mobilidade.**



*De acordo co art. 15.1.4. da Lei 4/2013, sobre Vinculación de licencias de taxi y de autorizaciones interurbanas de taxi y procedimientos coordinados:*

“Existirá unha vinculación entre licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi, sendo preciso dispoñer de ambos títulos para a realización da actividade. A vinculación entre licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi existirá a aplicación de procedementos coordinados entre as dúas administracións competentes.

*Dispón o art. 16.4 da Lei 4/2013:*

Unha vez emitido o informe favorable, e con carácter previo á resolución do concurso, terá que remitirse ao órgano competente en materia de transportes da dirección xeral da Xunta de Galicia, a documentación das persoas seleccionadas, a fin de que no prazo máximo de tres meses emita informe de modo vinculante sobre o cumprimento dos requisitos para poder ser titular de autorizacións interurbanas de taxi. Una vez emitido dicho informe, o Concello, de modo congruente co disposto no mesmo, resolverá o concurso, adxudicando a correspondente licenza de taxi.

Según o art. 16.5 da Lei 4/201 :” Despois do anterior, a Xunta de Galicia outorgará de maneira automática a autorización interurbana de taxi.

A efectos de unificar o principio de vixencia de ambos títulos, a licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia á data de outorgamento da autorización interurbana de taxi.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Requisito de Documentación**

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a mellor oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato e o resto da documentación xustificativa á que fai referencia o art 140 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Adxudicación da licenza.**

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar a licenza dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando esixa algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.





A adxudicación deberá ser motivada notificarase aos candidatos ou licitadores.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

— En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.

— Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.

— En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición dos adxudicatario determinantes de que sexa seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presenten os restantes licitadores cuxas ofertas sexan admitidas.

— Na notificación indícarase o prazo en que debe procederse á súa formalización.

#### CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Dereitos e Obrigacións do Titular da Licenza

No prazo de sesenta días naturais contados desde a data da concesión das distintas licenzas municipais, o seu titular virá obrigado a prestar o servizo de forma inmediata e co vehículo afecto ao mesmo.

Os dereitos e obrigacións do titular da licenza son os que nacen deste Prego, que terá carácter contractual, e da licenza outorgada polo Concello, así como os derivados da Lexislación aplicable.

#### CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Recursos Administrativos e Xurisdiccionais

Os Acordos correspondentes do órgano de contratación porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos. Contra os mesmos pode interperse recurso potestativo de reposición, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei Reguladora de devandita Xurisdición, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir da notificación do Acordo.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



**ANEXO I:**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR** indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

“D. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_, con NIF núm. \_\_\_\_\_, a efectos da súa participación no Procedemento de licitación mediante concurso para: Autorización de unha Licenza de Taxi no Concello de Meis.

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

**PRIMEIRO.** Que se dispón a participar no Procedemento de licitación mediante concurso para: Autorización de unha Licenza de Taxi no Concello de Meis.

**SEGUNDO.** Que cumpre con tódolos requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 140 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 para ser adxudicatario do contrato, en concreto:

\*Que posee plena capacidade xurídica e de obrar.

\*Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e se encontra ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

**TERCEIRO.** Que dispón dos requisitos previstos no artigo 5 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia,

**CUARTO.** Que non é titular doutra licenza de taxi no Concello de Meis, e que tampouco é titular de licencias de taxi noutros Concellos.

**QUINTO** Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requerido para iso.

**AUTORIZA** ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

\*Que a dirección de correo electrónico habilitada en que efectuar notificacións é \_\_\_\_\_ .E  
para que conste, asino a presente declaración.”

O interesado deberá aportar os xustificantes e acreditacións das circunstancias arriba relacionadas e da cantas acrediten a capacitación profesional cando se lle soliciten. Caso de que non se xustifiquen, non serán tidas en conta.



## ANEXO II

### CRITERIOS CUXA PONDERACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR

Presentarase conforme ao seguinte modelo:«  
\_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_, con NIF núm. \_\_\_\_\_ enterado do expediente para a adxudicación de unha Licenza de Taxi no Concello de Meis, mediante procedemento aberto, anunciado no Perfil de contratante, para a valoración das proposicións, conforme ós criterios de adxudicación dependentes de xuízo de valor **FAGO CONSTAR:**

**PRIMEIRO.-** Que adscribirá ao servizo, O VEHÍCULO DE TURISMO (en calquera réxime de utilización xurídicamente válido)

MARCA: \_\_\_\_\_

MODELO: \_\_\_\_\_

CARACTERÍSTICAS DO TURISMO que se adscriba á praza de taxi: características ambientais do vehículo, características vinculadas á satisfacción de esixencias sociais, comodidades do vehículo, prestacións e outras melloras adicionais: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**SEGUNDO.-** MEMORIA DESCRIPTIVA DA FORMA DE DESENVOLVER O SERVIZO NO CONCELLO:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

*Sinatura,*

***O interesado deberá aportar os xustificantes e acreditacións das circunstancias arriba enumeradas cando se lle soliciten. Caso de que non se xustifiquen, non serán tidas en conta.***



### ANEXO III

## PROPOSICIÓN E CRITERIOS QUE SE DEBAN CUANTIFICAR DE FORMA AUTOMÁTICA.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

« \_\_\_\_\_,  
con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_,  
\_\_\_\_\_ ,  
núm. \_\_\_\_\_, con NIF núm. \_\_\_\_\_,  
teléfono: \_\_\_\_\_; enterado do expediente para a adxudicación  
de unha Licenza de Taxi no Concello de Meis, mediante procedemento aberto,  
anunciado no Perfil de contratante, **FAGO CONSTAR**: Que coñezo o Prego  
que serve de base ao contrato e acéptoo íntegramente, tomando parte da  
licitación e comprometéndome a levar a cabo o servizo obxecto do contrato.

1º.- Que como conductor/ra de taxi, dispón da seguinte antigüidade: \_\_\_\_\_.

2º.- Que o vehículo de turismo que se pretenda adscribir á licenza de taxi, sexa adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida: SI / NON (tachar o que non corresponda)

3º.- Que o vehículo á que se adscriba a licenza sexa: eléctrico ou híbrido: SI / NON (tachar o que non corresponda).

4º.- Previa adicación á profesión de taxista polo seguinte período: \_\_\_\_\_

*Sinatura,*

***O interesado deberá aportar os xustificantes e acreditacións das circunstancias arriba enumeradas cando se lle soliciten. Caso de que non se xustifiquen, non serán tidas en conta.***

